# SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN MUNICIPAL FOGUEIRAS DE SAN XOAN E SAN PEDRO NO DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL
(Prazo de presentación ata o 12/06/2026)

**SOLICITANTE:** nome e apelidos ou razón social

NIF, NIE ou CIF Enderezo CP

Concello Telefono

Enderezo a efectos de notificación:
En papel:
Electrónica: e-mail

**REPRESENTANTE:** nome e apelidos ou razón social

NIF, NIE ou CIF Enderezo CP

Concello Telefono

Enderezo a efectos de notificación:
En papel:
Electrónica: e-mail

**DATOS DA FOGUEIRA:**

EMPRAZAMENTO:

DATA:
[ ] San Xoán

[ ] San Pedro.

**DOCUMENTACION ESIXIBLE:**

a) Fotocopia do DNI, NIF.
b) No caso de actuar en representación, aportación de documentación xustificativa da mesma.
c) Plano de situación e documentación na que se sinale a ubicación exacta da fogueira e o cumprimento da normativa.
d) Título habilitante para a ocupación do dominio público, no caso de que o mesmo non sexa de titularidade municipal.
e) Declaración responsable asinada polo interesado na que manifesta coñecer e se responsabiliza do cumprimento da normativa de aplicación e dos condicionantes sinalados no Modelo de Declaración responsable que figura adxunto.
f) Xustificante constitución fianza de 200.-€. ( Cta. núm.: ES82-2080-5412-7231-1010-6776 de A BANCA).

Nota: Ademáis de asinar esta solicitude deberá asinarse expresamente a Declaración responsable que figura anexa.

Fun informado de que esta Entidade vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas.

**Información básica sobre protección de datos persoais:**

| | |
|---|---|
| Responsable | Concello de Bueu |
| Finalidade | Tramitar procedementos e actuacións administrativas. |
| Lexitimación | Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a esta Entidade. |
| Destinatarios | Cederanse datos, no seu caso, a outras Administracións Públicas e aos Encargados do Tratamento dos Datos. Non hai previsión de transferencias a terceiros países. |
| Dereitos | Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional. |
| Información Adicional | Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos na seguinte dirección-https://bueu.sedelectronica.gal/privacy |

**AUTORIZA** aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta administración á comprobación telemática con outras Administracións Públicas de datos declarados e demais circunstancias relativas á instancia presentada.

SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN MUNICIPAL FOGUEIRAS
DE SAN XOAN E SAN PEDRO
NO DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL
(Prazo de presentación ata o 12/06/2026)

Bueu, de de 2026

Asdo: ________________________________

**Sr. alcalde do Concello de Bueu.**

## Declaración responsable:

Aos efectos de sinalar que, como solicitante, manifesto coñecer e me responsabilizo do cumprimento da normativa de aplicación e en concreto dos condicionantes sinalados a continuación:

### Condicionantes para fogueiras en terreo público:

1) En todo caso darase cumprimento aos requisitos contidos no Bando da Alcaldía de data 01.06.2026.

2) A montaxe das fogueiras deberá realizarse en lugares despexados mantendo unha distancia de seguridade como mínimo de 10 metros respecto de edificacións, liñas aéreas de servizos, mobiliario urbano, vehículos, masas arbóreas e arbustivas, así como de calquera outro elemento susceptible de resultar afectado polo lume ou pola calor.

Non se permitirá a súa instalación sobre pavimentos asfálticos, de formigón ou sobre outras superficies cuxa integridade poida verse afectada pola combustión.

En todo caso, a localización das fogueiras deberá respectar as limitacións e distancias establecidas pola normativa sectorial aplicable, especialmente a prevista na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, para terreos agrícolas, forestais e zonas de influencia forestal.

As fogueiras non poderán superar, en ningún caso, os 3 metros de altura nin os 3 metros de diámetro.

Deberán situarse sobre unha base estable e acondicionada, delimitada mediante pedras, terra ou outro sistema que contribúa a evitar a propagación do lume e a dispersión de brasas.

O acendido realizarase de maneira gradual, incorporando o material combustible progresivamente e mantendo en todo momento dimensións que permitan o seu control e extinción inmediata cos medios de seguridade dispoñibles.

Durante o desenvolvemento da fogueira deberán permanecer dispoñibles medios axeitados para a extinción do lume, tales como mangueiras, extintores ou, cando menos, reserva suficiente de auga e recipientes para a súa aplicación inmediata, equivalente como mínimo a 200 litros.

3) Nas fogueiras só poderá empregarse leña ou biomasa vexetal seca, quedando expresamente prohibida a queima de residuos ou materiais cuxa combustión poida xerar riscos para a seguridade ou producir emisións contaminantes ou molestas.

En particular, prohíbese a queima de pneumáticos, plásticos, espumas e materiais sintéticos, residuos domésticos ou industriais, envases, madeiras tratadas, botes de aerosois, así como de calquera material inflamable, explosivo ou susceptible de producir fumes ou gases nocivos.

4) Os organizadores, e persoas responsables das fogueiras deberán ser maiores de idade, coidar os alrededores e coñecer o número de teléfono dos servizos de extinción de incendios. **Ante calquera incidencia ou situación de risco, deberá avisarse inmediatamente ao 112** e, se procede, á Policía Local de Bueu (986 32 00 62).

5) Procederase á limpeza do espazo autorizado ao remate da actividade, incluídos os elementos utilizados para o desenvolvemento da mesma. A ubicación das fogueiras non entorpecerá os viais de acceso ou circulación pola zona.

6) Os organizadores da fogueira son os responsabeis da súa total e correcta extinción e ao remate da mesma e antes de abandonar o lugar coidarán de que as cinzas queden totalmente apagadas.

7) O emprego de artificios pirotécnicos deberá axustarse ao disposto na normativa vixente en materia de artigos pirotécnicos e cartuchería, quedando prohibido o seu uso por persoas que non cumpran as condicións de idade, seguridade e autorización legalmente establecidas.

8)Non poderá procederse ao acendido das fogueiras cando as condicións meteorolóxicas, e especialmente o vento, poidan favorecer a propagación do lume ou comprometer a seguridade das persoas e dos bens.

# SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN MUNICIPAL FOGUEIRAS DE SAN XOAN E SAN PEDRO NO DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL

(Prazo de presentación ata o 12/06/2026)

**No caso de que o Índice de Risco Diario de Incendio Forestal (IRDI) alcance os niveis de alto, moi alto ou extremo na data prevista para a celebración, ou cando así o determinen as limitacións ou prohibicións establecidas pola normativa vixente ou polas autoridades competentes, quedarán sen efecto as autorizacións concedidas para o acendido de fogueiras.**

9) Deberá terse en conta o establecido nos artigos 36 e 37 da Lei 3/2007, de 9 de abril de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, en relación ás zonas agrícolas, aos terreos forestais e zona de influencia forestal, en redacción dada pola Lei 3/2018, de 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

10) O incumprimento de calquera destas medidas, poderá dar lugar á inmediata prohibición das celebracións por parte da Policía Local, sen prexuicios das sancións que fosen procedentes.

11) Que todos os datos contidos na solicitude e documentación que se achega son certos.

Bueu, de de 2026

Asdo: ________________________________